



INFORME DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

ASUNTO: ESCRITO PRESENTADO POR DON X. MANUEL BLANCO ÁLVAREZ, EN REPRESENTACIÓN DE NALGURES PRODUCCIÓN S.L NO QUE SE FORMULAN UNHA SERIE DE PREGUNTAS CON RESPECTO AO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2014 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO.

Unha vez examinado o escrito de referencia no que se formulan unha serie de preguntas en relación ao contido dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas reguladores do procedemento de licitación e realizadas as pertinentes consultas coa sección municipal de cultura e outros servizos do Concello (Protección civil, e prevención de riscos laborais), procede a continuación emitir un informe técnico sobre o contido das cuestións co obxecto de facilitar a mellor comprensión destes documentos, sen que este informe supoña a realización dunha interpretación contractual *strictu sensu*, cuestión que corresponde en exclusiva ao órgano de contratación – neste caso a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo-.

A. Melloras ofertadas.

As melloras ofertadas non deben “formar parte doutra consignación orzamentaria”, tal e como indica o representante de NALGURES PRODUCCIÓN S.L no seu escrito, xa que estas melloras son en todo caso a cargo do contratista que resulte adxudicatario e polo tanto o Concello non ten que prever consignación orzamentaria para elas.

1. Tal e como se indica no texto da cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares, **só haberá un grupo por cada intervención**, que será seleccionado e pagado polo Concello.
2. **Non se realizará programación algunha destas actuacións con carácter previo** posto que ata que non resulte seleccionada a empresa adxudicataria e se coñeza a oferta que realice, non pode saber o Concello a cantidade de grupos locais que poderán actuar. En calquera caso, os licitadores deberán prever esos equipos para cada intervención, que non serán coincidentes en horario.
3. Non se prevé nos pregos un tempo estimado de actuación dos artistas participantes nas producións integrais requiridas como melloras. Non obstante, prevese a realización de actuacións conforme aos tempos habituais deste tipo de eventos, que en ningún caso superarán as dúas horas.
4. A.Os licitadores poderán presentar oferta a un lote, varios ou á totalidade do lotes xa que aínda que son susceptibles de contratarse nun mesmo



procedemento admiten unha adxudicación separada. Isto supón que **si unha empresa se presenta aos tres lotes deberá especificar a oferta para cada lote** (tanto no que respecta ao prezo como ás melloras), posto que o contrario podería supoñer que o Concello lle puidese esixir a execución das melloras ofertadas en conxunto no caso de ser únicamente adxudicatario dun dos lotes. No caso de aparecer unha única cifra de melloras por parte dunha empresa que se presente a varios lotes, debería interpretarse que esa mellora é para cada un dos lotes.

B.Tal e como se establece nos pregos, unha vez coñecida a oferta seleccionada, será a Concellería de Cultura a que establecerá o criterio para a utilización das melloras ofertadas.

C.A mesa de contratación deberá realizar a valoración en función das melloras ofertadas pola empresa. A execución do contrato non corresponde á mesa de contratación.

B. Anexos técnicos aos pregos.

1. Os anexos aos que se fai referencia nos antecedentes (entre os que se atopan os riders técnicos dos artistas) e que están publicados no perfil do contratante son de obrigado cumprimento. Dunha mera lectura do prego de prescricións técnicas pode deducirse sen dificultade as remisións deste aos riders técnicos que se acompañen a este documento e que están a disposición dos licitadores no perfil do contratante. (Ver cláusula 4 do prego de prescricións técnicas).
2. Todos os anexos publicados no perfil do contratante forman parte do expediente de contratación. Non se ten producido ningunha modificación no prazo de presentación de ofertas (**quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo).

C. Horarios e limitacións.

As cuestións relativas ás limitacións de horarios e sonido serán publicadas nun bando da Alcaldía, ao igual que en anos anteriores, debendo adaptarse en todo caso á resolución xudicial de 26 de setembro de 2012 na que se acordan unha serie de medidas cautelares para paliar as molestias causadas polas festas de San Froilán, e que se manteñen viventes Non é unha cuestión contractual senón que afecta de xeito xeral a toda a feira e mesmo a tódolos cidadáns.

D. Plan de autoprotección.

As cuestións relativas á seguridade das infraestruturas e os espectáculos están reguladas na cláusula 2.5 do prego de prescricións técnicas, na cal, entre outras se establece como unha das obrigas principais da empresa adxudicataria o control do acceso do público, se elo fose necesario.




Concello de Lugo

En aplicación da normativa vixente, e en resposta á pregunta formulada, polas características do lote 3 é preciso a elaboración dun plan de autoprotección, obriga que corresponde á empresa adxudicataria en virtude do clausulado do contrato.

Lugo, 17 de setembro de 2014

O XEFE DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO E FOMENTO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz



MURALLA
patrimonio da humanidade

